



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO TITOR/A FORMADOR/A OBRADOIRO DE EMPREGO DO CONCELLO DA LARACHA: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á FASE DE CONCURSO E RESULTADOS DA FASE DE OPOSICIÓN

A Laracha, 8 de novembro de 2024

Sendo ás 09:30, os/as integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo dun/ dunha titor/a formador/a reúnese para a realización do exame e para a resolución das alegacións á fase de concurso.

Os/as asistentes son os seguintes:

- Presidenta: Ana Carmen Jimenez Mosquera, funcionaria do Concello da Laracha
- Secretaria: Lucía Barreiro Angeriz, funcionaria do Concello da Laracha
- Vogais:
 - Juan C. Antelo Martínez, funcionario do Concello da Laracha
 - Jorge Vidal Zapatero, funcionario do Concello da Laracha
 - Marta Vázquez Garea, funcionaria do Concello de Coristanco

Confeccionase o exame elixindo preguntas das elaboradas polos membros do tribunal. Consta de 20 preguntas máis 2 de reserva con tres alternativas de resposta na que só una será a correcta. Segundo as bases, cada resposta correcta será puntuada con 3 puntos e cada resposta incorrecta descontará 1,5 puntos. As non contestadas non puntúan.

O tribunal decide que será necesario obter un mínimo de 30 puntos para superar o exercicio.

O tribunal procede a estudar a alegación presentada por Dna. María Pilar Castro Caamaño o 06.11.2024 (rex. Núm. 202499900002438). Solicita a revisión da puntuación da fase de concurso no apartado de formación complementaria considerando que debe ter unha puntuación de 2,90, cando se lle valorou con un total de 2,20 puntos. Revisando a súa documentación o tribunal acorda desestimar a súa alegación xa que non se lle valora a Formación de posgrao, Título experto Universitario en diagnóstico e educación dos alumnos con altas capacidades nin a formación en Inglés, por non estar relacionados ningún dos dous coas funcións do posto a seleccionar.

A continuación o tribunal desprázase ao Salón de Plenos da Casa do Concello para a realización do exame da fase de oposición. Comeza o chamamento as 11:00 h. Asisten os seguintes aspirantes:

NOME	APELIDOS	DNI*
MARÍA DEL PILAR	CASTRO CAAMAÑO	***3004**
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**
IRENE	GARCIA MALLO	***4325**
NURIA	OTERO TOMERA	***0441**
MIGUEL ANGEL	SOUTO MATO	***3924**

Comeza o exame ás 11:06. Finaliza o exame ás 11:36 ca entrega do exame por todos os participantes.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

O tribunal comeza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

NOME	APELIDOS	DNI	PREGUNTAS CORRECTAS	PREGUNTAS INCORRECTAS	NO CONTESTADAS	OPOSICIÓN	RESULTADO
MARÍA DEL PILAR	CASTRO CAAMAÑO	***3004**	15	4	1	39	APTA
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	13	3	4	34,50	APTA
IRENE	GARCIA MALLO	***4325**	10	9	1	16,50	NON APTA
NURIA	OTERO TOMERA	***0441**	18	2	0	51	APTA
MIGUEL ANGEL	SOUTO MATO	***3924**	12	7	1	25,50	NON APTO

Súmanse as puntuacións da fase de oposición e de concurso e ordénase o resultado de maior a menor co seguinte resultado:

NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL CONCURSO	TOTAL OPPOSICIÓN	TOTAL
MARÍA DEL PILAR	CASTRO CAAMAÑO	***3004**	9,20	39	48,20
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	1,50	34,50	36
IRENE	GARCIA MALLO	***4325**	0,90	16,50	NON APTA
NURIA	OTERO TOMERA	***0441**	6,70	51	57,70
MIGUEL ANGEL	SOUTO MATO	***3924**	3,25	25,50	NON APTO

O tribunal acorda establecer un prazo de 3 días hábiles para reclamacións/ alegacións ás fase de oposición.

A continuación anexase o exame tipo test cas respostas correctas.

E sen outros asuntos que tratar, dáse por rematado o acto ás 13:00, asina a secretaria do tribunal á marxe

EXAME:

1. O artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET) sinala que o contrato concertado para a realización de traballos de natureza estacional ou vinculados a actividades produtivas de tempada denomínase:

- Contrato de prácticas
- Contrato formativo**
- Contrato por tempo indefinido fixo-descontinuo



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

2. O artigo 277 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social indica como prazo máximo da duración do subsidio por desemprego será de:

- a. 18 meses
- b. 20 meses
- c. 30 meses**

3.O dereito á educación e á liberdade de ensino está recollido na Constitución Española como:

- a. Un principio inspirador dentro do seu Título Preliminar.
- b. Un dereito fundamental e liberdade pública.**
- c. Unha garantía das liberdades e dereitos fundamentais.

4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións Públicas ten por obxecto, entre outros, regular:

- a. As bases do réxime xurídico das Administracións Públicas.
- b. Os principios do sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.
- c. Os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.**

5. Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos:

- a. Desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.**
- b. Desde que alcancen firmeza en vía administrativa.
- c. Desde que alcancen firmeza en vía xudicial.

6.A modalidade contractual que corresponde aos alumnos-traballadores do Obradoiro de emprego , de acordo que normativa reguladora do programa de Obradoiro é:

- a. Obra ou servizo determinado.
- b. Por circunstancias da produción.
- c. Formación en alternancia**

7.Segundo o art. 21 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local a competencia do desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, é de

- a. A Xunta de Gobierno Local**
- b. Do Alcalde**
- c. Da concelleira delegada de cada área.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

8. Segundo a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ten o concello competencia na promoción do emprego expresamente:

- a. Si.
- b. Non.
- c. Non, pero a competencia outórgalla a Xunta de Galicia mediante a concesión da financiación do Obradoiro.

9. Segundo a ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e convócanse para o ano 2024, promoverase a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros :

- a. A través de contratos laborais durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.
- b. A través de contratos laborais durante un mínimo de 9 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.
- c. A través de contratos laborais durante un mínimo de 6 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.

10. O Certificado de profesionalidade da especialidade MAMD0209, traballos de carpintería e moble ten:

- a. 4 módulos formativos e 1 módulo de prácticas.
- b. 3 módulos formativos e 1 módulo de prácticas.
- c. e módulos formativos e 2 unidades de competencias prácticas.

11. O Certificado de profesionalidade da especialidade MAMD0209, traballos de carpintería e moble ten unha duración de:

- a. 300 horas
- b. 300 horas de teoría e 80 de práctica
- c. 300 horas de teoría e 90 de prácticas

12. As ocupacións ou postos de traballo relacionados que o certificado de profesionalidade da especialidade MAMD0209 son:

- a. Montador de produtos de madeira e/ou ebanistería, en xeral.
- b. Embalador, empaketador e etiquetador.
- c. as respostas anteriores son correctas.

13. As Competencias clave pódense obter por dúas vías:

- a. Superando unha acción formativa específica de Competencias clave, programada o autorizada pola Xunta de Galicia.
- b. Superando as probas de avaliación de competencias clave para o acceso á formación dos certificados profesionais convocadas pola Administración autonómica.
- c. A resposta a. e b. son correctas



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

14. Que son as competencias clave?

a. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos xenerais ou básicos que aseguren a formación mínima necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dos certificados de profesionalidade.

b. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos xenerais ou básicos que aseguren a formación mínima necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dos certificados de profesionalidade, que o fin último de fomentar a calidade e a integración da formación profesional para o emprego.

c. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos específicos que aseguren a formación específica necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dun certificado de profesionalidade específico.

15. O certificado de profesionalidade da especialidade de pintura industrial en construción:

a. Ten 7 módulos formativos e 8 unidades formativas

b. Ten 7 módulos formativos e 8 unidades de competencia

c. As respostas a. E b. Son correctas

16. O certificado de profesionalidade da especialidade de pintura industrial en construción ten unha duración de:

a. 680 horas

b. 600 horas

c. 520 horas

17. As ocupacións e postos de traballo relacionados que o certificado de profesionalidade da especialidade de pintura industrial en construción son:

a. Pintores e empapeladores

b. Pintores de brocha gorda e pequena

c. Pintores de brocha gorda, pequena e de pistola a presión.

18. En relación ao funcionamento dos talleres de emprego:

a. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador é obrigatoria, salvo que ese día de xornada coincida cunha saída didáctica.

b. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador é obrigatoria

c. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador é obrigatoria, mesmo no caso de que ese día coincida cunha saída didáctica.

19. A xornada laboral nun taller de emprego pode ser:

a. Xornada completa de 40 horas/semanais

b. Xornada completa de 37,5 horas/semanais

c. Xornada completa continua ou partida de 40 horas/semanais



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

20. Quen xestiona o Portal de Emprego do Concello da Laracha :

a. A través do SEPE

b. A través da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)

c. A través da Conselleira de Emprego do Concello da Laracha

RESERVA:

R1. O Servizo Público de Emprego de Galicia:

a. Presta servizos relacionados que o emprego a persoas demandantes sen emprego e a persoas como organizacións ofertante que buscan cubrir unha vacante en calquera posto de traballo, desde diversas perspectivas.

b. Presta servizo a persoas que o precisan.

c. Presta servizos relacionados que o emprego tanto a persoas demandantes como a persoas como organizacións ofertante que buscan cubrir unha vacante en calquera posto de traballo, desde diversas perspectivas.

R2. De acordo co artigo 11 da Constitución Española de 1978, a nacionalidade española adquirese, consérvase e pérdese de acordo co establecido por:

a. A propia Constitución Española de 1978

b. A Lei

c. Os Tratados Internacionais